



LOVE STORY CONTEST

A sección de Negreira da EOI de Santiago convoca un concurso de historias de amor para celebrar San Valentín.

Quen pode participar?

Calquera persoa física matriculada na sección de Negreira nos niveis B1, B2 ou C1.

Temática

Relatos de un máximo de 100 palabras de temática romántica. Haberá 3 categorías en base aos niveis de lingua: B1, B2 e C1.

Participación

Os relatos enviaranse ao correo electrónico acastineiras@eoisantiago.org co asunto "Love Story Contest". Cada participante poderá achegar ata un máximo dun relato. A participación no concurso implica a aceptación das súas bases.

No correo electrónico incluírase a seguinte información:

Datos do autor/a (nome, apelidos e teléfono).

Título do relato.

Categoría na que se presenta (nivel B1, B2 ou C1)

Prazo

O prazo de presentación remata o 23 de febreiro de 2024.

Requirimentos

1. Os relatos deben ter relación directa coa temática do concurso.
2. Os relatos deben estar escritos en lingua inglesa.
3. Os relatos deben ter un máximo de 100 palabras.
4. Os relatos deben ser obra propia da autora ou autor que se presenta ao concurso.
5. Cada participante pode presentarse nun máximo dunha categoría (nivel B1, B2 ou C1).
6. Poden presentarse relatos publicados ou inéditos.
7. Descartaranse os relatos que inclúan falsificacións.
8. Cada relato debe documentarse indicando o título, o nivel/categoría e o número de palabras.
9. Os relatos deben enviarse ao correo electrónico acastineiras@eoisantiago.org.
10. A EOI de Santiago queda eximida de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente relacionada coa propiedade intelectual na que poidan incorrer as persoas participantes.

Resolución

Os relatos serán valorados por un equipo formado por profesorado do departamento mediante votación.

O prazo de valoración dos relatos será do 24 de febreiro ao 30 de marzo.

Os nomes das persoas gañadoras faranse públicos a través da páxina web da escola nos 3 días seguintes ao remate do prazo de valoración.

O concurso poderá quedar deserto se a calidade dos relatos non cumpre uns requisitos mínimos.

Haberá un premio por categoría, que será entregado ás persoas gañadoras unha vez resoltas as votacións.